

Realicei unha listaxe de filmes apropiados para ver durante o período de corentena que tratan aspectos relativos ao temario, principalmente a aqueles temas que todavía non dimos e que, sinceramente, non sei se poderemos dar dadas as actuais circunstancias. O criterio de selección das mesmas atende a cantidade de elementos do temario que saen nelas, desbotando a infinidade de filmes de calidade que so reflicten aspectos secundarios do temario ou que se centran en historias persoais onde o marco histórico simplemente é o pano de fondo. Outro criterio importante é que os códigos narrativos sexan comprensibles para o alumnado acostumado a consumir cine convencional estadounidense, desbotando o cine europeo, soviético ou asiático xa que, xeralmente, a esas idades cóstalle moito entender, e se trata de que se familiaricen coa a historia, non que a sufran.

Quero explicaros que existen dous tipos de estudo: o de alta intensidade e o de baixa intensidade. O primeiro é o que entendedes por estudo normal. Trátase de concentrarse na materia, ler, realizar esquemas, memorizar, resumir, etc. O segundo ten un papel importantísimo á hora de fixar conceptos, ordenar ideas e procesos e de ser capaz de contribuír a fixar a imaxinación (como veredes en Kant, a imaxinación, neste caso histórica, é unha das categorías que forman o coñecemento e é fundamental para o mesmo). O estudo de baixa intensidade é o estudo que permite descansar do de alta intensidade pero continuar aprendendo. Pode ser ver un atlas histórico ou fotos e imaxes dunha época concreta ou dun estilo artístico concreto, ver documentais ou ver filmes. Nunca podemos pensar que o de baixa intensidade substitúe o de alta pero si que o complementa moitísimo.

En función disto, e para que os días de corentena se pasen máis entretidos pero tamén aproveitando o tempo fixen unha listaxe que penso pode ser moi proveitosa para vos e que podedes ver en familia comentando os aspectos históricos dos mesmos e como foi a vosa investigación dos mesmos nos vosos apuntamentos e libros de texto.

En función do anterior a idea é a seguinte: propoño unha serie de filmes sobre aspectos históricos relevantes do século XX despois da Primeira guerra mundial nos que explico a parte do temario que tratan. Vos, coa axuda dos apuntamentos ou do libro de texto, tedes que ler primeiro os aspectos históricos no plano teórico e familiarizarvos con conceptos que se tratarán. Deste xeito podemos facer un visionado proveitoso a nivel académico e maduro. Atendede as aclaracións que refiro en cada filme e aos conceptos relacionados antes de ver o filme.

O período de entreguerras:

-*Las uvas de la ira* (The grapes of wrath, John Ford, 1940). Filme antigo baseado nunha das grandes obras de J. Steinbeck no que narra a ruína dunha familia de agricultores en EEUU por mor do crac do 29. Os temas a tratar serían os felices anos vinte, o crac do 29 e a Gran Depresión. Filme pensado para aqueles e aquelas que lles gusten moito o cine.

-*Juan Nadie* (Frank Capra, 1941) Historia dunha persoa anónima que é utilizada para lanzar unha campaña política por un xornal. Os temas a tratar sería a recuperación económica na época de F. D. Roosevelt. Os conceptos necesarios serían o Keynesianismo, A New Deal e a recuperación do crac de 1929.

Segunda Guerra Mundial:

-*Dunquerque* (Christopher Nolan, 2017): Evacuación do exército expedicionario británico ante o imparable avance nazi en Francia. Inicio da resistencia. Os temas a tratar serían as causas da Segunda Guerra Mundial, a expansión do Eixo e a Blitzkrieg e a evolución da guerra hasta 1942, ano de inflexión no que a raíz da derrota en Midway.

-*El hundimiento* (Oliver Hirschbiegel, 2004): Derradeiros días de Hitler no Bunker de Berlín antes de morrer. Temas a tratar serían as características do nazismo e as causas da derrota do Eixo na Guerra a partir de 1942.

Guerra Fría:

-*Trece días* (Roger Donaldson, 2000). Narra os trepidantes días nos que estivo a piques de estalar a guerra nuclear durante conflito dos mísiles de Cuba desde o punto de vista do Goberno de J. F. Kennedy . Os aspectos do temario a tratar serían a Guerra fría, o concepto de DMA e a Crise dos mísiles de Cuba (Revolución castrista e Bahía de Cochinos). Filme axeitado para os amantes do xénero thriller.

-*JFK* (Oliver Stone, 1991). Narra o asasinato de Kennedy e as investigacións sobre o mesmo e as súas causas. Os temas a tratar serían a Guerra fría, Revolución cubana, desembarco de Bahía de Cochinos e o inicio da fase de distensión. Filme longo pero que lle encantará a quen lle gusten as historias de intriga e investigación.

Guerra de Vietnam: (ADVERTENCIA: non recomendadas a menores de 18 anos, ver baixo supervisión familiar)

-*Apocalypse Now* (Francis F. Coppola, 1979). Basicamente narra os horrores da Guerra de Vietnam. Unha das obras mestras da historia do cine. Conceptos a tratar: a Descolonización, a Guerra fría e, en concreto, a Guerra de Vietnam.

-*La chaqueta metálica* (Stanley Kubrick, 1987). Narra o proceso de instrución dun Marine e o seu posterior paso pola Guerra de Vietnam na época da Ofensiva do Tet en 1968, ano de inflexión na guerra que supuxo a primeira derrota de EEUU nun conflito bélico. Filme moi violento realizado por un dos mellores directores da historia no que se expón o seu sentido no que se converteu o conflito. Conceptos a tratar: a Descolonización, a Guerra fría e, en concreto, a Guerra de Vietnam.

Loita polos dereitos civís:

-*Malcolm X* (Spike Lee, 1992). Narra a vida dun dos loitadores polos dereitos políticos dos afroamericanos en EEUU durante a década dos 60. Temas a tratar: loita polos dereitos civís, racismo. Longo filme para os moi amantes do sétimo arte.

-*Arde Mississippi* (Alan Parker, 1988). Trata sobre unha investigación policial no sur de Estado Unidos no marco da loita polos dereitos civís e a conflitividade dos anos sesenta. Os temas a tratar serían a loita polos dereitos civís, o racismo e a reacción conservadora WASP e o Ku Klux

Klan. Filme sinxelo de ver, especialmente para quenes gusten de historias de investigación e policíacas.

-*Get on the bus (La marcha del millón de hombres)* (Spike Lee, 1996). En 1995 convocouse a un millón de afroamericanos a unha manifestación en Washington para reclamar a igualdade real e manifestarse en contra do racismo. Un grupo de homes viaxa desde California e teñen tempo de coñecerse e de reflexionar sobre o racismo e a historia do mesmo en EEUU. Grandísimo filme e reflexión indispensable sobre o conflito racial, tanto en EEUU como no resto do mundo.

Historia de EEUU na segunda metade do século XX e do mundo:

-*Forrest Gump* (Robert Zemeckis, 1994). A vida de Forrest Gump serve de fío conductor para tratar a evolución histórica da segunda metade do século XX, especialmente en EEUU. Semellante a unha epopea contemporánea o espectador se familiarizará cos contidos anteriormente descritos. En especial a Guerra fría, Vietnam, o nacemento do hippismo, ecoloxismo, feminismo e a loita polos dereitos civís, así como a aparición da pandemia do SIDA. Fácil de ver, filme moi famoso no seu momento e gañador de seis Oscar.

Aparición dos medios de comunicación de masas.

-*Network, un mundo implacable* (Sidney Lumet, 1976). Obra mestra do cince dos setenta no que se explica a irrupción dos medios de comunicación de masas, o seu papel na sociedade actual e como as cuestións económicas (publicidade, índices de audiencia) comezan a influir no seu desenvolvemento e na propia veracidade das mesmas. Os temas a tratar serían a crise dos anos 70, a sociedade de benestar así como a importantísima Crise do Petróleo de 1973. Debemos estar familiarizados co contexto da Guerra fría e os movementos de masas nados nos 60 (loita polos dereitos civís, ecoloxismo, feminismo, etc.). Cun impactante comezo non deixará indiferente a ninguén e fundamental para comprender o funcionamento dos medios de comunicación, especialmente das canles de televisión.

Historia de España.

-*Mientras dure la guerra* (Amenabar): É sorprendente as coincidencias deste filme co temario de Segundo de Bacharelato e, en menor medida de 4ºESO centrado na última etapa da vida de Miguel de Unamuno explica dun xeito sinxelo o inicio da Guerra Civil en 1936. Entre outras cousas podedes ver a sublevación. A axuda nazi a Franco para cruzar o estreito, todo o proceso de como Franco se fai Xeneralísimo por enriba da Xunta presidida por Cabanellas, o concepto de Cruzada, como Franco constrúe o relato do nacionalcatolicismo, etc. Parece unha clase de historia sobre a Guerra civil e a evolución do bando sublevado, moi útil para cando cheguedes a Segundo de Bacharelato e para cubrir a lagoa que espero que non quede en 4º debido á crise do COVID-19